

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A REAL ACADEMIA GALEGA PARA REGULAR O RÉXIME DE LIBRAMENTOS DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS CON CARGO AOS ORZAMENTOS DE 2022

### 1. Antecedentes

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade é o órgano da Administración galega ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para cumprir estes obxectivos ten que promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, especialmente no eido do léxico e da terminoloxía.

A Real Academia Galega (en diante, RAG) é unha entidade adscrita á actual Consellería de Cultura, Educación e Universidade, segundo o que establece o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia. Segundo o Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro, polo que se aproban os seus estatutos, a RAG é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e, especialmente, a ilustración, defensa e promoción do idioma galego.

### 2. Razóns de oportunidade

A disposición adicional da citada Lei 3/1983 establece que, nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, se estimará como criterio de autoridade o establecido pola RAG. Esta institución ten a obriga de levar a cabo un traballo continuado de actualización e modernización da nosa lingua para satisfacer as novas necesidades expresivas que se derivan da vida moderna e ofrecer directrices para o uso correcto do galego.

En consecuencia, dentro da función normalizadora que lles compete á Xunta de Galicia e á RAG, as dúas institucións teñen a obriga de traballar conxuntamente en materia de normalización lingüística do idioma galego. Por iso, desde o ano 1993, realizan diversos proxectos conxuntos, entre eles o *Dicionario bilingüe castelán-galego* da RAG, a *Gramática galega* e a creación do Equipo de Traballo Sociolingüístico e do Servizo de Terminoloxía Científico-Técnica en Lingua Galega (Termigal).

Nos capítulos IV e VII do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, figuran dúas subvencións nominativas a favor da RAG por un importe total de 559.128,00 €, coa seguinte desagregación por aplicación orzamentaria:

- 10.50.151A.481.1: 500.000,00 €



- 10.50.151A.781.0: 59.128,00 €

Co fin de establecer os requisitos de concesión destas subvencións nominativas recollidos na [Lei 17/2021, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022](#), considérase conveniente formalizar un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a RAG.

### 3. Obxectivos perseguidos

Este convenio ten por obxecto instrumentar o réxime de libramentos das subvencións nominativas que figuran nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 e que teñen por obxecto financiar os gastos de funcionamento e de investimento que lle orixine á RAG a realización dos traballos que, dentro da súa programación anual, leve a cabo en materia de normalización do idioma galego para accións culturais e de investigación lingüística, de acordo co que se establece nos seus estatutos.

A actividade xenérica da RAG céntrase nas seguintes grandes áreas:

1. Atención á lingua, o principal activo da RAG.
2. Atención á memoria histórica, na medida en que a RAG debe manter viva a significación de persoas, acontecementos e labores significativos da cultura galega (nese espírito, infírese a celebración do Día das Letras Galegas).
3. Estudos e iniciativas a prol da sensibilización social da nosa lingua e cultura.
4. Análise crítica, atención e seguimento da realidade social do idioma.
5. Compromiso co legado e coa memoria histórica de Emilia Pardo Bazán (actividades da Casa-Museo).

Con estas liñas xerais de actuación, encamiñadas a través das distintas seccións, seminarios e grupos de traballo nos que se organizan os labores da RAG, desenvólvese a actividade xenérica da institución.

O persoal laboral e os labores para desenvolver en 2022 de acordo coas áreas de traballo están distribuídos do seguinte xeito:

#### Arquivo

Durante o ano 2022, esta área de traballo levará a cabo as seguintes tarefas:

- Catalogación e descrición de fondos arquivísticos, cunha atención especial á dixitalización, co fin de facilitar a consulta a distancia e a revisión da documentación do módulo de descrición da aplicación DigiArch para o Arquivo Dixital de Galicia.





- Xestión de entradas e saídas de documentación e de compras e atención de consultas.
- Actualización dos sistemas de xestión arquivística, realización de informes e memorias e mantemento do cadro de clasificación.
- Realización dun inventario de fotografías con obra existentes nos fondos da RAG e dos documentos en gran formato para procurar unha nova instalación menos prexudicial e a súa posible dixitalización.
- Participación no Día Internacional dos Arquivos (9 de xuño) e no Día Internacional do Patrimonio (16 de novembro).
- Edición da revista *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán*, destinada a publicar investigacións orixinais sobre a escritora.

### **Biblioteca/Hemeroteca**

Durante o ano 2022, esta área de traballo levará a cabo as seguintes tarefas:

- Recepción, rexistro e instalación dos fondos bibliográficos e hemerográficos que se incorporen durante o ano.
- Atención aos usuarios e usuarias da Biblioteca e Hemeroteca.
- Selección de compra de material bibliográfico e seguimento do troco de publicacións con outras institucións.
- Actualización do catálogo de monografías e publicacións periódicas.
- Continuación da elaboración do inventario do fondo persoal de Manuel Murguía na RAG.
- Mostra bibliográfica, na sala de lectura da Biblioteca, de primeiras edicións de obras relacionadas con Florencio Delgado Gurriarán, figura á que se homenaxeará en 2022 no Día das Letras Galegas.
- Conmemoración do Día do Libro (23 de abril) e do Día das Bibliotecas (24 de outubro).
- Labores de consolidación e conservación do fondo bibliográfico e hemerográfico.
- Continuación das tarefas de dixitalización de fondos da Biblioteca e Hemeroteca iniciadas en 2021.
- Traballos de preparación, inventariado e traslado de fondos, derivados da futura remodelación da sede central da RAG.



## Colección

Durante o ano 2022, esta área de traballo levará a cabo as seguintes tarefas:

- Coordinación das solicitudes de préstamos de fondos da RAG para a celebración de mostras e exposicións ou a formalización de depósitos.
- Xestión das novas achegas ao patrimonio da RAG, rexistro e catalogación.
- Traballos de reprografía dixital.
- Mantemento e conservación da colección. Xestión de restauración de pezas.
- Traballos de expurgación dos fondos situados no almacén da RAG, co fin de aumentar o espazo para as novas achegas.
- Traslado ao almacén de fondos bibliográficos repetidos, pezas escultóricas en metal ou cerámica e mobiliario administrativo da actual sede, debido ao baleirado do edificio ante as próximas obras de rehabilitación.
- Elaboración de contidos para o futuro Museo Virtual da Academia.

## Publicacións

Durante o ano 2022, esta área de traballo xestionará, entre outras, as seguintes publicacións:

- Publicacións periódicas: *Boletín da Real Academia Galega*, número 382, dedicado a Xela Arias, e *Cadernos de Lingua*, número 39.
- Monografías: discursos de ingreso na RAG de María Dolores Sánchez Palomino, Lourenzo Fernández Prieto, Gonzalo Navaza e María Rosa Lojo.
- Edición conmemorativa: entrevista a Florencio Delgado Gurriarán.
- Toponimia: *Toponimia de Ribeira*, *Toponimia de Antas do Ulla*, *Dicionario dos apelidos de Galicia*, VII Xornada de Onomástica Galega.
- Literatura: Inventario da biblioteca de Emilia Pardo Bazán, Día Internacional da Poesía (21 de marzo).
- Historia: Catálogo da biblioteca musical de Marcial del Adalid, folleto divulgativo de Marcial del Adalid.
- Sociolingüística: *O galego segundo a mocidade 15 anos despois*, *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1998-2018*, *Prácticas lingüísticas na infancia*.
- Xestión do DOI e avaliación de revistas científicas, membro de Crossref e traducións.



## Sección de Lingua. Seminarios de Lexicografía e Terminoloxía

O persoal laboral da Coruña ocúpase, fundamentalmente, do asesoramento lingüístico interno e externo e realiza traducións, correccións e revisións lingüísticas de textos, notas de prensa, publicacións e atención telefónica de consultas.

Debido ao gran volume de traballo deste departamento, é posible que se contrate unha persoa máis durante o ano 2022 para lle dar maior cobertura a esta área.

O persoal laboral de Santiago de Compostela levará a cabo durante o ano 2022, fundamentalmente, os seguintes traballos:

Lexicografía:

- Continuación da actualización e renovación do *Dicionario da RAG*, que consistirá na revisión sistemática por orde alfabética das entradas do dicionario e no estudo das propostas dos académicos (especialmente dos membros do Seminario de Lexicografía, pero tamén do Seminario de Terminoloxía) e da sociedade en xeral, que poderá achegar as súas propostas a través de calquera procedemento (suxestións desde a páxina do *DRAG*, redes sociais, correo electrónico etc.).
- Continuación do labor de revisión e actualización do *Dicionario bilingüe castelán-galego*, de cara a buscar o maior nivel posible de coordinación coas solucións adoptadas no *DRAG*. Neste ano 2022, contratarase unha persoa que se dedicará en exclusiva aos traballos neste dicionario, debido á excedencia voluntaria do traballador que se ocupaba deste proxecto.
- Estudo da planificación e desenvolvemento, se é o caso, dun curso seminario sobre os dicionarios da RAG.
- Elaboración dos informes solicitados por entidades públicas e privadas sobre cuestións relacionadas co léxico galego.
- O Seminario de Lexicografía prevé reunirse unha vez cada mes.
- Realizaranse traballos no xestor de buscas e de visualización do *DRAG* e incrementarase o número de variables susceptibles de busca.
- O Portal das palabras continuará coa publicación de contidos lexicográficos inéditos, polo menos un cada semana, e coa elaboración de recursos que poidan ser de utilidade para o seu aproveitamento escolar. Elaboraranse materiais centrados nas principais efemérides que se celebran ao longo do ano e, particularmente, realizarase unha ampla serie ao redor da figura á que se lle dedica o Día das Letras Galega, Florencio Delgado Gurriarán.
- Publicarase un novo número da revista *Cadernos de Lingua*.
- Se a situación sanitaria o permite, celebrarase os cursos de verán para estranxeiros, aínda que nas condicións actuais a organización é complexa polas implicacións



e responsabilidades relacionadas cos traslados internacionais, seguros, atención médica e outros posibles implicacións relacionadas coa actual pandemia.

Terminoloxía:

- No ámbito da terminoloxía sistemática, continuarase co estudo e coa revisión da terminoloxía referida ao mundo da ornitología e coa elaboración dun *Dicionario do libro*.
- En canto á terminoloxía puntual, estudaranse e validaranse de maneira continuada os termos que se incorporan á base de datos de consultas efectuadas ao Termigal, procedentes especialmente das administracións, das universidades, do profesorado de ensino medio e dos tradutores e tradutoras.
- O Seminario de Terminoloxía reunirse de maneira regular unha vez ao mes. Nestas xuntanzas, estúdanse e válídanse os novos termos de linguas de especialidade para o galego.

### Sección de Lingua. Seminario de Sociolingüística

Durante o ano 2022, esta área de traballo dedicárase, fundamentalmente, aos seguintes proxectos sociolingüísticos:

- Lingua e sociedade en Galicia: a evolución sociolingüística 1992-2018.
- A xestión lingüística no concello de Ames.
- Prácticas lingüísticas na infancia.
- Repositorio de sociolingüística.
- As actitudes lingüísticas: o galego segundo a mocidade quince anos despois.
- Galepax e mapa sociolingüístico escolar de Santiago de Compostela.

### Casa-Museo Emilia Pardo Bazán

Durante o ano 2022, esta área de traballo realizará as seguintes tarefas:

- Consolidación da presenza, dentro do tecido social, do universo material e inmaterial da escritora.
- Retomar o Premio Ilustración de Contos, convocado para o alumnado de secundaria antes da pandemia.
- Obradoiro de lectura dirixido por unha persoa experta sobre textos de Pardo Bazán.
- Conmemoración do Día do Libro (23 de abril). Lectura ininterrompida de *La Tribuna*, a primeira novela de Emilia Pardo Bazán sobre Marineda, en que se integrarán a linguaxe de signos e a linguaxe oral.



- Conmemoración do Día da Muller Traballadora (8 de marzo) mediante lecturas públicas, nas que se lle dará visibilidade a textos de Pardo Bazán.
- Día e Noite Internacional dos Museos (18 de maio): apertura da Casa-Museo ata as 00:00 horas. Todos os anos, un actor ou unha actriz representa un papel protagonista e realiza unha visita guiada para o público en xeral e, ademais diso, organízanse actividades de ocio cultural para os nenos e as nenas.
- Velada aniversario de Emilia Pardo Bazán (16 de setembro) e recepción social dirixida por unha persoa que conduza o acto.
- Día contra a Violencia de Xénero (25 de novembro): colaboración con outras institucións. Atención individual e de grupo ás persoas visitantes, que incluírá a distribución gratuíta de folletos de presentación, a visita de salas e a achega de marca-páxinas.

Todas as actividades indicadas celebraranse presencialmente ou de xeito virtual, en función das circunstancias sanitarias do momento e da súa viabilidade de acordo coa situación pandémica.

### Outras áreas

Dentro da xestión habitual da institución, supoñen áreas de traballo non científicas, pero esenciais para o seu bo funcionamento, as seguintes: comunicación, informática, contabilidade, secretaría da dirección e conserxería.

Así pois, os proxectos que desenvolve a RAG son de interese público e social para o cumprimento dos fins ineludibles da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no ámbito do desenvolvemento das súas competencias en materia de política lingüística. Especialmente, para cubrir a necesidade de dispoñer de traballos filolóxicos, terminolóxicos e sociolingüísticos sobre a lingua e a cultura galegas, co fin de cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega.

Os traballos que realiza a RAG resultan imprescindibles no proceso dinamizador e normalizador, así como no deseño de cantas medidas de actuación sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega e incrementar o seu uso dentro dos distintos sectores sociais de Galicia.

Debido ás actuais circunstancias sanitarias derivadas da covid-19, o persoal laboral da Real Academia Galega desenvolve a súa actividade de xeito presencial, telemático ou semipresencial, segundo as circunstancias persoais ou de acordo co decretado polas autoridades nacionais ou autonómicas.

A Real Academia Galega adaptou todos os medios técnicos das súas áreas de traballo para, de ser o caso, poder realizar con normalidade e eficiencia as actividades dos diferentes departamentos de xeito telemático.



Actualmente, todas as reunións de seminarios, plenos, executivas, grupos de traballo e similares pódense celebrar de forma virtual, presencial ou mixta, segundo se determine.

Todas as actividades, como conferencias, celebracións, mostras, visitas museísticas, presentacións etc., poden executarse con normalidade a través de *streaming* ou de procedementos dixitais ou virtuais.

As actividades previstas da Real Academia Galega para o ano 2022 realizaranse de forma presencial ou virtual, segundo as condicións e a viabilidade que determine a situación sanitaria.

#### **4. Imposibilidade de promover a concorrancia**

A única entidade que no ámbito da Comunidade Autónoma galega ten a exclusividade das competencias na elaboración e ditame de normas filolóxicas e terminolóxicas para o uso correcto da lingua galega é a RAG, e para iso dispón do coñecemento e dos recursos técnicos e humanos para realízalos, instrumentos que pon á disposición da consellería e da sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, como departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de política lingüística, ten a obriga de actualizar e de modernizar a lingua galega, de enriquecela coas novas expresións derivadas dunha sociedade moderna e actual en constante evolución e de posibilitar o seu uso correcto. Para tal efecto, é necesario realizar constantemente traballos sobre lexicografía e gramática, traballos que debe levar a cabo a RAG, a única institución competente para iso.

As subvencións deste convenio enmárcase dentro dos plans estratéxicos de subvencións da consellería, que ten a obriga de traballar para dinamizar, protexer e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística. Por iso debe prestar apoio económico a aqueles proxectos e traballos que, no eido do léxico e da terminoloxía, realiza a RAG para garantir o uso correcto do idioma galego.

Trátase de dúas subvencións nominativas que figura nos vixentes orzamentos xerais da Comunidade Autónoma a favor da RAG "para accións culturais e investigación lingüística" e "para investimentos". A RAG, coa súa actividade, garante o cumprimento dos obxectivos de interese público e social no ámbito lingüístico, tal e como establecen os seus estatutos e a normativa en materia lingüística.

Polo tanto, e tendo en conta a autoridade da institución beneficiaria e o carácter singular e exclusivo das competencias que exerce na elaboración e ditame de normas filolóxicas e terminolóxicas para o uso correcto da lingua galega, non é posible promover a concorrancia para a súa concesión.



## 5. Retroactividade do gasto

O galego é unha lingua viva en constante evolución que experimenta cambios permanentemente, por iso os obxectivos que perseguen ambas as dúas institucións son actualizala, modernizala e posibilitar o seu uso correcto en todo momento. Todo isto require un traballo continuo, constante e sen interrupción no tempo, destinado a revisar a súa lexicografía e gramática, así como os recursos terminolóxicos de cada área e sector, de xeito que se poidan satisfacer as necesidades lingüísticas que a sociedade demanda continuamente.

Coa finalidade de atender os gastos orixinados pola continuidade nos traballos académicos que se realizan nas seccións de Lingua, Literatura e Historia, así como aqueles relacionados coa formación e o patrimonio literario e documental da lingua, consideraranse subvencionables os gastos que se orixinen **desde o 1 de xaneiro do 2022**.

A retroactividade dos efectos do convenio está xustificada, dado que existen motivos lexítimos para manter a continuidade dos traballos da RAG. Ademais, tal circunstancia non lesiona dereitos ou intereses lexítimos de terceiros, de acordo co establecido no artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 26 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## 6. Financiamento

O fin primordial das subvencións nominativas é un investimento directo e inmaterial en beneficio da lingua galega e da súa utilización que, como tradición oral herdada dos nosos antepasados e transmitida aos nosos descendentes, é un importante factor de mantemento da diversidade cultural que serve para transmitir coñecementos, valores culturais, sociais e unha memoria colectiva que resulta fundamental para manter viva a nosa cultura.

A actividade que realiza a RAG xera un incremento no valor da lingua, polo que a finalidade desta achega pública está vinculada a un investimento que, malia que non ten unha existencia tanxible, conta cun innegable valor á hora de xerar resultados, que pasan a incorporarse ao noso patrimonio cultural inmaterial.

Os gastos que ten que afrontar a RAG dentro da súa programación anual na realización de traballos e proxectos de investigación en materia de normalización de acordo co que establecen os seus estatutos son moi superiores ao importe das subvencións nominativas que lle vai conceder a consellería para estes fins. Polo tanto, mediante estas subvencións non se financiarán o 100% dos gastos da institución, senón que se financiarán só unha parte dos seus gastos correntes de funcionamento ao longo do ano, así como investimentos concretos e gastos de capital dos proxectos que estean directamente relacionados coa lingua e coa cultura galegas.

Os gastos que poderá xustificar segundo a súa tipoloxía, correntes ou de investimentos, serán os seguintes: adquisición de fondos bibliográficos, edición de publicacións, actos académicos, actuacións formativas, proxectos de investigación, salarios, material de



oficina, ofimática etc. que sexan necesarios e imprescindibles para desenvolver os traballos lingüísticos.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística revisará a documentación xustificativa dos gastos para os efectos de comprobar que os importes das subvencións se empregan efectivamente no desenvolvemento das actividades vinculadas a estas e que non se financian indiscriminadamente a totalidade dos gastos da RAG.

A finalidade destas subvencións poden considerarse como unha actuación de goberno de carácter público e de interese xeral, xa que o seu obxectivo é o de obter e contar con recursos necesarios no eido lingüístico. Porén, estes publicaranse e difundiranse para garantir que estean á disposición de investigadores, estudosos e da sociedade en xeral para a súa consulta e utilización.

Polo anteriormente exposto, considérase adecuado canalizar e regular a súa concesión mediante a sinatura dun convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións, co fin de recoller todos os extremos que se establecen no artigo 26 da Lei de subvencións 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 37 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o regulamento da citada lei e regular o réxime de libramentos parciais, atendidos a medida que a RAG os xustifique.

O importe total do convenio ascende a 559.128,00 €, con cargo ás partidas orzamentarias 10.50.151A.481.0 para gastos correntes e 10.50.151A.781.0 para gastos de investimento e outros de capital, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022, de acordo coa seguinte desagregación:

- 10.50.151A.481.1: 500.000,00 €
- 10.50.151A.781.0: 59.128,00 €

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

